

BIBLIOTELLEIRAS CURSO 2022-2023



8 DE SETEMBRO, XORNADA DE BENVIDA Á BIBLIOTECA AO ALUMNADO DE 1º ESO

Para o alumnado de 1º ESO realizaranse durante toda a mañá do xoves 8 de setembro, día da presentación, unhas XORNADAS DE ACOLLIDA con distintas actividades encamiñadas a dar a coñecer as instalacións e as distintas actividades que oferta o centro.

No marco destas xornadas o alumnado levará a cabo a actividade **“Coñece a túa Biblio”** e realizará unha visita guiada pola Biblioteca onde se lle mostrarán as instalacións, se lle darán a coñecer as normas básicas de funcionamento, se lle informará das propostas de actividades que se levan a cabo ao longo do curso e se lle animará a formar parte dos Clubs de lectura que temos en marcha.

Ao mesmo tempo estaremos encantad@s de facilitarlles aos alumnos e alumnas calquera tipo de información que precisen, resolver dúbidas e mesmo facer algunhas fotos para que queden de recordo desta ocasión.

Co fin de realizar axeitadamente esta actividade, o alumnado de 1º ESO, acompañado dos seus titores e titoras, visitará a Bibliotelleiras de acordo ao seguinte horario:

- 1º ESO A, de 12.30 a 13.20 horas
- 1º ESO B, de 11.20 a 12.10 horas
- 1º ESO C, de 13.20 a 14.10 horas